



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se resolven os premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, convocados na resolución 22 de decembro de 2016.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Resolución do 22 de decembro de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta dirección xeral

RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.es, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

Anexo I: Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

Modalidade A

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
27006528	CIFP As Mercedes	Biomasa-stirling-fotovoltaica. Hibridación de sistemas para produción de electricidade e calor	26.828,31 €
15025682	IES Fraga do Eume	Elaboración de cervexa artesá baixo a marca "Quilómetro cero"	23.372,40 €
27006528	CIFP As Mercedes	Desenvolvemento da fabricación e ensamblaxe dun DRON/RPA	12.788,62 €
36020064	CIFP Carlos Oroza	A nosa camelia: tan curiosa como saborosa	22.254,28 €
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	Impresora DELTA gran formato multifuncional	14.879,38 €
36006419	IES Montecelo	Climóbil Solar	7.373,74 €
15006754	CIFP Ferrolterra	Xestión e almacenamento de residuos no CIFP Ferrolterra	12.559,22 €
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Elaboración dun prototipo dunha unidade ecosustentable para soporte de asistencia sanitaria en situacións de risco especial	15.934,34 €
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	Modulación automática dunha central de aspiración	9.009,71 €

Modalidade B

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15006754	CIFP Ferrolterra	Proxecto Francobordo: adestrador de instalacións navais	24.638,36 €
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	Aeroxerador didáctico. Montaxe a escala dun aeroxerador eólico asíncrono de eixe horizontal	10.044,95 €
15020544	IES de Ortigueira	ORTImaster	20.468,83 €
15024513	CIFP Someso	Maquetación e modelización de estrutura offshore eólica mariña	25.011,18 €
36015159	IES Chan do Monte	Configuración dunha tenda de comercio electrónico co CRM Prestashop. Posicionamento na internet e outras accións de difusión. Elaboración de material didáctico sobre comercio electrónico para uso na aula nos módulos da familia de Comercio e márketing	2.100,00 €
15005749	IES Universidade Laboral	Equipos de medición para a eficiencia enerxética en hardware libre (EMEEHL)	5.386,86 €
15002591	IES Monte Neme	Ti2=i	9.730,69 €
36013771	IES Fermín Bouza Brey	Maquetas virtuais industriais para Arduino	5.332,09 €
36014520	IES Pedra da Auga	Deseño e desenvolvemento de prototipo de vivenda domotizada, imprimible en 3d, baseada en plataformas hardware/software abertas e controlada mediante arduino	6.325,71 €
15014556	CIFP Coroso	Innovación no control de proceso dunha máquina clasificadora de envase: optimización de recursos mediante apps	15.168,43 €
36007552	CIFP A Granxa	Árbore artificial. Deseño e construción dunha estrutura para a práctica segura dos traballos en altura en arboredo	20.792,90 €